



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE LUGO

Xefatura Territorial da Consellería de
Economía, Emprego e Industria

Ronda da Muralla, 70
27071 Lugo

galicia

Reunido en Lugo, en data 21 de agosto de 2017, o grupo de traballo mixto constituído en data 4 de agosto de 2017, ao abeiro do disposto no artigo 10 da Orde do 8 de febreiro de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, coa finalidade de proceder á selección do persoal de dirección, docente, administrativo e dos alumnos traballadores do obradoiro de emprego "Tic Arqueolóxico", promovido polo concello de Lugo, advertidos erros, acorda modificar as bases para a selección dos alumnos-traballadores e do director do obradoiro :

➤ Bases para a selección dos directores:

Na base terceira, características do contrato, hai un erro na duración do mesmo, polo que quedará redactada como se recolle a continuación:

Terceira.- Características do contrato

O contrato de traballo que subscrirrá a entidade promotora co seleccionado, terá carácter temporal, cunha duración de nove meses e a xornada completa.

A persoa que resulte seleccionada estará sometida ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente, debendo permanecer no obradoiro de emprego durante a xornada de traballo.

Na base novena, méritos que se valorarán, no apartado II) Cursos recibidos, de acordo coa normativa que regula os servizos de prevención de riscos laborais, o apartado relativo ao curso básico de prevención de riscos laborais, quedará redactado como se recolle a continuación :

Curso nivel básico de prevención de riscos laborais de 30h ata 60h: 0,25 puntos

➤ Bases para a selección dos traballadores participantes no obradoiro de emprego

A base novena, lista de reserva, quedará redactada como segue a continuación:

O grupo de traballo mixto, coa finalidade de suplir as posibles baixas dos seleccionados como alumnos-traballadores, elaborará unha lista de reserva que estará integrada polos candidatos que, non sendo seleccionados, obtiveran as maiores puntuacións.